



Fernando Barcia e Bernardo Mato: breve conceptualización dunha pedagogía republicana

(Fernando Barcia and Bernardo Mato: a snapshot of republican pedagogy)

Miguel PAZ CABO

RESUMO: O ensino galego viviu nos anos da II República un momento dourado. Mestres e mestras asumiron novas técnicas educativas, rexeitaron visións seculares e acientifistas do ensino e trataron de rachar coa visión clasista deste. Mestres como Fernando Barcia e Bernardo Mato foron unha pequena parte daquela forma nova de ensinar e, no fondo, de vivir.

PALABRAS CLAVE: ensino, República, laicismo, memoria, mestres.

ABSTRACT: The Second Spanish Republic was a golden age in Galician education. Teachers embraced new educational techniques, rejected outdated, non-scientific views of teaching, and tried to overturn the classist view of education. Teachers like Fernando Barcia and Bernardo Mato were a small but important part of this new way teaching and living.

KEYWORDS: education; republic; secularism; memory; teachers.

Introducción

A II República fixo do ensino un elemento constituínte. O lexislador outorgou á educación carácter constitucional, o que amosa o interese dos novos líderes políticos cara a esta materia. A propia Constitución de 1931 consolida o ensino primario cun carácter obrigatorio e gratuito, elevando ao mesmo tempo aos mestres e profesores á categoría de funcionarios. Se comparamos o texto coa Constitución de 1812, por poñer un texto constitucional de referencia en España, atopamos notábeis diferenzas. Por unha banda, fronte á de 1931, a de 1812 non recolle expresamente a funcionarización do corpo docente nin remarca o carácter obrigatorio do ensino elemental.

O artigo 48 do texto constituínte remarcaba a obriga do Estado de garantir o ensino a través da escola unificada, onde acudirían rapaces e rapazas de todo o país. Asemade, este artigo indicaba dous aspectos fundamentais: a laicidade dun ensino baseado nos valores de solidariedade humana e o dereito das distintas igrexas a ensinaren as súas doutrinas dentro dos seus respectivos templos. O ensino nas escolas e a doutrina nos templos (para quen a queira).

O lexislativo nacente entendeu de forma inmediata a importancia de regular o proceso educativo desde a base ate os estudos universitarios. Ningún espazo educativo debería quedar ao libre albedrío ou en mans de institucións alleas á vontade popular.

E dentro da tendencia reguladora do ensino apareceu a coeducación. María del Carmen Agulló Díaz recolle as palabras dunha vella militante da Juventud Socialista Unificada, María Salvo Iborra, quen afirmaba que o punto de inflexión da proclamación republicana non foron as bandeiras tricolores nas rúas nin as manifestacións de xúbilo, senón a caída dos tabiques que nas escolas separaban nenos e nenas e que, por primeira vez, podían saír xuntos aos patios a xogaren sen distinción de sexo.¹ Non atopo outras palabras que recollan mellor o espírito modernizador do novo sistema.

É certo que o curto espazo de tempo vivido pola nacente democracia, máis a paréntese de novembro de 1933 ata febreiro de 1936, impediu que gran parte do traballo modernizador pasase da teoría a praxe. Exemplo claro é o sistema coeducativo que nalgúns lugares como Galicia apenas se implantou. De feito, os dous mestres que hoxe tomamos como exemplo son mestres de escolas de nenos, até o punto de que no caso de Fernando Barcia Veiras, soamente asistía á escola unha nena, a súa filla Generosa Barcia Blanco.

As mestras e os mestres republicanos foron amparados polo novo marco legal. Apareceron na contorna de Santiago de Compostela nomes como Fernando Barcia Veiras² e Bernardo Mato Castro.³ Nomes que, incluso obviando o sucedido con eles a partir do golpe de Estado fascista de 1936, teñen o seu lugar na historia educativa do noso país. Nomes que, de teren a oportunidade de seguir nas escolas durante toda a súa vida laboral, terían creado unha xeración de mozos e mozas libres e, posiblemente, serían a día de hoxe referentes educativos nas facultades de maxisterio.

Fernando Barcia e Bernardo Mato son dous mestres comprometidos coa democracia. Eles entenderon, xa antes da proclamación da II República, a necesidade de que os nenos levasen a cabo una instrución básica que lles permitise saír a un mundo exterior duro, clasista e caciquil, que se derrubaba, pero que existía. Ambos morreron vítimas do odio fascista.

Fernando Barcia Veiras (1885-1938) naceu en Compostela cando o século XIX chegaba á súa fin, no ano 1885. Foi un home comprometido cos tempos que lle tocou vivir. Durante a súa etapa máis nova participou dos movementos culturais e sociais da Compostela finisecular, o que lle serviu para entrar en contacto coa realidade da cidade. Comezou, así, a participar en roldas e círculos de debate político de ámbito obreiro e

¹ Elena Sánchez de Madariaga, Consuelo Flecha García, Carmen Agulló Díaz e outros, *Las maestras de la República* (Madrid: Catarata, 2013).

² Miguel Paz Cabo, *¡Viva la libertad! La silenciada historia del maestro Fernando Barcia en el Santiago de la segunda República* (Santiago de Compostela: Alvarellos, 2020).

³ Miguel Paz Cabo e Víctor Manuel Santidrián Arias, *Os cadernos escolares da II República* (Santiago de Compostela: Alvarellos, 2022).

católico, que o levarían finalmente a interesarse polo marxismo. Este cambio levarao finalmente a presidir a Agrupación Socialista de Santiago.

A chegada da República constituíu para Fernando un eixo fundamental de traballo. Recibiu o novo Estado democrático con ledicia, pero tamén con dúbidas sobre a súa consistencia. Tucho Carril Barcia, o seu neto, recordaba para este artigo que o seu avó acolleu a República con moito cariño, militou fortemente e avogou por unha ensinanza libre. Recórdanos que para Fernando a chegada da voto feminino e do dereito ao divorcio eran elementos fundamentais. Porén, Fernando adoitaba dicir que “tentar facer do pobo español que pasaba de montar en burro a navegar en aeroplano sen pasar por un coche, ía ser moi complicado”.

A historia seguiu e apenas cinco anos despois unha parte do exército levantou as armas contra o seu pobo. Logo do esforzo titánico por parte de Fernando de facer fronte aos militares desde o seu papel como presidente do Comité Executivo de Defensa da República de Santiago de Compostela, que dirixiu os republicanos desde o Pazo de Raxoi durante os días que durou o golpe de Estado, Fernando viviu agochado ata a súa detención en casa dunha curmá. Neste tempo tivo unha oferta para fuxir a Portugal e así salvar a vida, pero logo de falalo coa súa compañeira, Ramona Blanco Fernández, rexeita de plano a oferta afirmando que “non lle parecía oportuno, porque aquilo era confirmar de maneira clara que renunciaba aos seus ideais, e a iso non estaba disposto”.

Bernardo Mato Castro (1887-1936) tamén é fillo da fin do século XIX e da crise vivida en España. O interese pola súa figura nos últimos anos parte da homenaxe que impulsa Marisa Mirás en Teo, celebrada no espazo da súa derradeira escola. Logo veu un grande esforzo de investigación por parte da súa bisneta, Iria Morgade Valcárcel, que se materializou nun traballo de fin de mestrado baixo o título: “Bernardo Mato, un mestre silenciado. Da emigración galega á II República: Análise dun proceso mobilizador”. Tamén o interese pola figura de Bernardo se observa na obra artística de Alfonso Martínez López que realizou un retrato en tea ao óleo do mestre. Finalmente, no ano 2022 apareceu o libro xa citado *Os cadernos escolares da II República: Elaborados polo mestre de Teo Bernardo Mato e realizados polo seu alumno Antonio Rial (1933-1936)*.

O proceso migratorio sufrido por Bernardo é o proceso de movemento poboacional e de baleiramento de Galicia. Bernardo regresa ao país coa aprendizaxe feita e con ganas de exercitar o aprendido. Se unha parte da migración trae de volta a Galicia edificios e arquitectura, Bernardo trae de volta o valor do tecido asociativo, o valor da ensinanza como transmisión de valores e coñecementos. Foi un mestre innovador, aínda que non un revolucionario (tampouco o era na súa militancia política), senón que o seu labor dentro das aulas, e tomando as palabras de Antón Costa Rico, eran máis as dun “seguro e consciente bo artesán.”⁴

⁴ *Ibidem*.

Católico e republicano, abrazou o réxime democrático con ledicia e esperanza. Amigo de Juan Jesús González, acompañouno na súa ruptura co Partido Socialista Obrero Español en busca dunha organización socialista e impulsora da autonomía, e que deu lugar á efémera Unión Socialista Galega. Acompañou a Juan Jesús tamén na viraxe que o levou a apoiar ao Partido de Centro nas eleccións de febreiro de 1936.⁵ O seu traballo xornalístico e pedagóxico contra o caciquismo custoulle caro. Logo do golpe de Estado un grupo de falanxistas déronlle unha malleira que acabou coa súa vida en poucas semanas.

O mestre republicano: un concepto básico

Desde finais dos anos noventa do século pasado, principalmente desde a aparición do libro *A lingua das bolboretas* de Manuel Rivas, e exponencialmente logo da súa adaptación cinematográfica dirixida por José Luis Cuerda, obsérvase un aumento do interese e do coñecemento sobre a figura do mestre republicano. No entanto, e pese a todos os traballos feitos, dos que este pequeno artigo se sente debedor, continúa faltando unha conceptualización básica. Que é un mestre republicano? Todos os mestres e mestras que exerceron durante os anos 1931-1936 en Galicia son merecedores do termo mestras e mestres republicanos? Os mestres vinculados ao asociacionismo católico e conservador dos anos da II República son mestres republicanos?

Fernando e Bernardo exerceron desde o primeiro momento o seu republicanismo, a súa aposta polo sistema democrático. Fernando Barcia asistindo aos mitins previos ao 14 de abril, e as mobilizacións de xúbilo tras a vitoria tricolor e Bernardo a través dos seus artigos, como o seu famoso “Y las mujeres no fueron deshonradas!” que veu a luz na prensa galega uns días despois do 14 de abril, e onde celebraba como o pobo español exercitara o seu dereito a voto consciente dos seus deberes soberanos.

Ambos os mestres adquiren e exercitan un republicanismo docente que partía da idea de que a instrución do alumnado é a ferramenta fundamental para unha sociedade libre e igualitaria. Algo semellante á equidade, que lle chaman agora.

Falamos de mestres que levaron o proceso democratizador tamén á súa profesión. A través da Asociación de Traballadores do Ensino, da que no último terzo de 1934 Fernando é vicepresidente e Bernardo presidente, levaron a cabo non poucas demandas: necesidade de material das escolas, falta de transparencia dos sistemas de oposición etc.

Se hai quen pugna pola democratización é sinal de que hai quen pugna contra a democratización. Este elemento queda patente no artigo escrito por Fernando Barcia Veiras para o xornal *Claridad* no que debate acaloradamente cun mestre agochado baixo o pseudónimo de “maestro sin escuela”. Neste artigo, datado de 1934, Barcia reclamaba a instauración dunha fronte única de defensa dos intereses do maxisterio e que situase os intereses de clase por riba de crenzas e supersticións.⁶

⁵ Arquivo Xeral da Administración. Expediente de depuración de Bernardo Mato Castro: mestre de Teo. Número do expediente da Comisión Provincial 1124.

⁶ *Claridad*, 14 (2009).

A entrada de ministros da Confederación Española de Derechas Autónomas no goberno español levará ás organizacións obreiras a unha mobilización en forma de folga xeral que nalgúns territorios do Estado toma formas insurreccionais. Máis alá do debate historiográfico sobre o atinado ou non desta decisión, o certo é que este movemento, que non produciu en ningún momento a ruptura da orde constitucional, levou a moitos mestres e mestrás a exercitaren a súa solidariedade cos detidos en forma de achegas económicas. Sabemos por fontes orais rexistradas que Fernando Barcia colaborou economicamente con militantes da Revolución que foran despedidos. Do mesmo modo, o expediente de depuración de Bernardo Mato amosa a colaboración económica que fai para axudar os mestres presos da Revolución. Unha contribución económica que será utilizada contra el dous anos máis tarde pola comisión de depuración provincial.

Se algo caracterizou aos mestres republicanos é o seu achegamento ao pobo que os rodeaba. Fernando e Bernardo, coma tantos e tantas mestres e mestrás, levaron a cabo unha aposta decidida pola incorporación do mestre á súa contorna. Trataron de derrubar a barreira existente entre mestre e sociedade, esa barreira que se traducía nos ditos populares como “ao mestre, ao médico e xuíz hai que lamberlle os pés”..

Aos ollos do republicanismo docente, o ensino tiña que ser activo, moralizador e humano.⁷ Tiña que ser activo porque o alumnado aprende facendo e non escoitando. A metodoloxía activa da docencia ten que ser unha ferramenta fundamental para atrapar o interese do educando na materia; tiña que ser moralizador porque o ensino é parte fundamental da creación dunha vida en sociedade e, por tanto, o ensino é ferramenta para construír a sociedade do mañá; e tiña que ser humano porque tiña que basearse en non deixar ningún neno no camiño da ignorancia.

Cando falamos de II República e de ensino temos que citar obrigatoriamente as Misións Pedagóxicas. Estas tiveron unha importante acollida polo republicanismo, pois en gran medida os mestres e mestrás republicanos, conscientes do seu papel transformador, tiñan tamén como obxecto que a cultura chegase ao público máis adulto. Bernardo levou a cabo a organización de importantes charlas e encontros neste marco. Charlas e encontros impulsadas polo Consello Local de Primeira Ensinanza de Teo e na que participaron como relatores tanto homes como mulleres. Estas charlas, con temática variada (Revolución Francesa, o papel da muller etc.), atoparon unha importante difusión por parte da prensa local e comarcal. Nos encontros, pensados inicialmente para persoas adultas, participaron tamén as crianzas.

Os mestres republicanos deron tamén importante pulo á educación regulada para adultos. Fernando, en Marrozos, e Bernardo, en Teo, crearon aulas educativas para persoas adultas, como podemos observar en *El Compostelano* do 17 de novembro de 1928, tres anos antes da chegada da democracia.

⁷ Bernardo Mato Castro, “Temas pedagógicos: La escuela única”, *La Voz de Galicia*, 17 de setembro de 1931.

Pola súa banda, Fernando tamén participou en procesos non regulados de ensino para adultos que levaban a cabo partidos políticos e asociacións. A través da Agrupación Socialista de Santiago organizou non poucas charlas de tipo formativo ás que convidaba especialistas en diferentes materias como dereito, bioloxía, medicina etc. (el mesmo ofreceu en Compostela unha palestra sobre a hidrografía,⁸ unha das súas paixóns, que transmitía a adultos e crianzas).

As crianzas dos lugares non vían estes dous mestres como alleos á súa realidade. Ao contrario. Hoxe, con todos os alumnos de Fernando e de Bernardo xa desaparecidos por lei de vida, podemos recordar as palabras de Severino Iglesias Conchas, quen no ano 2012 recordaba que “Bernardo era un bo mestre”. Nas entrevistas orais feitas recuperábase as técnicas educativas que Bernardo aplicaba no seu día a día. Como lles aprendía a medir superficies levando os rapaces a mediren as súas propias leiras, como lles ensinaba os volumes a través dos toros das árbores que logo vendían aos madeiros etc. Era un ensino próximo.

Fernando tamén era un mestre achegado ao seu alumnado. A primeira hora da mañá, cando chegaban á escola, era habitual que Ramona Blanco, a súa compañeira de vida, lles preparase un pequeno petisco que para moitos nenos supuña a primeira comida do día. Tamén lles ensinaba a lavar a cara e facer un pequeno aseo diario.

Xa Iria Morgade, bisneta de Bernardo, recordaba no seu TFM os avances pedagóxicos de Bernardo. Mais cómpre remarcar aquí que eses avances pedagóxicos, truncados pola bota fascista, deixaron unha fonda pegada na historia pedagóxica galega. A mágoa, tomando as palabras do especialista e autor d’ *Os mestres mortos daquel verán*, Narciso de Gabriel en *La Voz de Galicia* do 1 de marzo do 2023, foi que España e Galicia perderon unha xeración de mestres que entendían as necesidades educativas do pobo, así como as expectativas postas por pais e nais na escola primaria. Esas expectativas cara ao ensino que se viron traducidas a papel no Congreso de Traballadores do Ensino.

Nos anexos ao Congreso dos Traballadores do Ensino, que tivo lugar no ano 1936 en Vigo, atopamos unha resolución escrita por Fernando Barcia xunto a Apolinar Torres e Eligio Núñez. Dela fíxose eco no ano 1989 o profesor Antón Costa Rico no seu libro *Escolas e mestres. A educación en Galicia da Restauración á II República* e resulta de vital importancia para entendermos as propostas pedagóxicas de Fernando (e que en gran medida compartía con outros mestres, como o noso Bernardo) e mais as expectativas que os galegos tiñan no futuro educativo.

Uns parágrafos máis arriba comezabamos a falar do concepto de *mestre republicano*. Posibelmente, tomando parte das palabras de Barcia, Torres e Núñez no congreso de Vigo, poidamos facer unha boa conceptualización. Un mestre republicano, un bo mestre da cidadanía galega é aquel cuxa actividade, tanto na escola como fóra dela, se dedica a liberar o pobo galego das “lacras seculares, fanatismo religioso, caciquismo político,

⁸ *El Pueblo Gallego*, 11 de febreiro de 1933.

usura, esclavitud económica, fraude municipal, iniquidades judiciales, miedo al señorito, etc”. O mestre como elemento de pugna fronte ao caciquismo feito concello.

Outro dos conceptos aos que fai referencia a resolución do congreso de Vigo é a necesidade de loitar contra o “fanatismo relixioso”. Neste aspecto resulta curioso o camiño parello que fixeron Fernando e Bernardo na súa traxectoria vital. Ambos pasaron por escolas relixiosas e mesmo Fernando chegou a recibir a tonsura, como paso previo ao proceso de carreira relixiosa. É nese camiño, imposto familiarmente, no que inicia o contacto co asociacionismo obreiro. Nun primeiro momento ese asociacionismo será de vinculación católica, a través dos Círculos Católicos de Obreiros, dos que será vicepresidente pero, finalmente, e a través de múltiples lecturas, de contactos cos *desheredados de la tierra*, converterase en marxista e abandona por completo toda idea de relixiosidade. Pola súa banda, sabemos que Bernardo, tanto polas afirmacións feitas por el mesmo en diferentes artigos, como polas entrevistas feitas a Severino Iglesias Conchas, era un home católico, que animaba os seus alumnos a asistir a misa.

É con estas vimbias co que iniciamos un proceso de laicización, de retirada de simboloxía relixiosa das escolas e de eliminación do que na LOMLOE chamariamos *saberes* de ámbito relixioso. O mandato constitucional de levar a cabo unha escola laica fai que rapidamente os *mestres republicanos* comecen a tarefa encomendada. Analizando os deberes elaborados polo alumno de Bernardo, Antonio Rial Gallego, podemos observar que non existe referencia ningunha á relixión, nin positiva nin negativa; isto é, a relixión pasa a ser exclusivamente un elemento da esfera privada do alumno. Si é certo que, como dicíamos, Bernardo era un home que se autodeclaraba católico e que de forma oral, polo que nos puido contar o seu alumno Severino, si animaba os alumnos a acudir a misa.

Non é o caso de Fernando quen, malia ter pasado polo seminario, amosaba sempre a súa posición de non crente. “Ya sabes que en el fondo soy un verdadero creyente”. dicíalle á súa muller na carta de despedida antes do fusilamento. Unha formulación que agochaba, segundo a súa filla Generosa, a súa falta de fe relixiosa. Así, Fernando recibiu á laicidade do ensino con xúbilo militante. A súa primeira medida foi a retirada efectiva da simboloxía relixiosa que estaba presente na súa escola, en Marrozos. Esa retirada fíxose respectuosamente. De feito, o crucifixo gardouse nun caixón da casa familiar. A súa filla, Generosa Barcia Blanco, nas múltiples entrevistas mantidas, afirmaba sempre que seu pai os educou, a ela e ao resto de rapaces que acudían á escola, no mais estrito sentimento de cientifismo, de non relixiosidade, pero tamén no respecto cara ás crenzas dos demais.

Desde Galicia ao mundo

O ensino do mestre republicano debía ser un ensino próximo, que entendese a realidade política, social e nacional que o rodea, para ser capaz de traballar con ela do mellor xeito posíbel. Así, o mestre republicano non traballa igual en Galicia que en Castela ou en Andalucía. Do mesmo xeito que non traballa igual nun contexto ditatorial (véxase, por

exemplo, o traballo realizado por Fernando e Bernardo durante o período da ditadura de Miguel Primo de Rivera) que nun período democrático.

O artigo 11 da Constitución de 1931 remarcaba que aqueles territorios con características históricas, culturais e económicas comúns poderían rexerse como rexión autónoma cun Estatuto. Así se lle outorgaría unha serie de poderes transferidos que se organizarían desde o territorio en cuestión. Os mestres republicanos levaron esta aposta entendéndoa como un achegamento do sistema educativo ao educando.

Se é certo que xa desde 1931 en Galicia existiu un importante traballo a prol do Estatuto, a partir de 1936 este foi unánime e masivo. É neste marco de práctica unanimidade en que os mestres republicanos propoñen cambios educativos de impacto. A organización instrutiva debía ser, a ollos destes mestres, propiamente galega, feita desde e para Galicia, atendendo ás necesidades e particularidades propias do país. Así, pularon pola creación de escolas de pesca e navegación, escolas granxa, de silvicultura, enoloxía, viticultura e a creación dun instituto oceanográfico propio. Cabe sinalar que a reclamación de Barcia se facía con base na existencia do Centro Oceanográfico de Vigo, pero tamén atendendo a un dato curioso e chocante: o Instituto Oceanográfico de España atópase, ata día de hoxe, en Madrid, a centos de quilómetros do mar.

Se a administración educativa tiña que ser galega e próxima, o mestre tiña que ser galeguizador e igualmente próximo. Quizás esa era a premisa básica que unía a práctica educativa de Fernando. Aprenderlles aos seus alumnos empregando os elementos máis próximos. Fernando Barcia nos seus discursos ao redor da campaña do Estatuto de autonomía de 1936 manifesta publicamente os seus obxectivos docentes. Para o socialista é o momento de que os rapaces coñezan a historia e a xeografía propia. Considera inasumíbel que as crianzas do país coñezan con detalle as batallas e os nomes dos reis de Castela, mentres descoñecen en case todos os seus aspectos a historia e a xeografía galegas. Non o fai, como el mesmo aclara, desde un espírito “nacionalista estreito”, faino desde a idea de que para coñecer o mundo é preciso coñecer aquilo que nos rodea. Generosa recorda os mapas que facía Fernando, bonitos, cheos de cores e datos. Non gardamos cadernos, follas nin recordos da cultura material xerada na práctica educativa de Fernando, máis si o recordo da súa filla.

Desde o máis próximo, desde o máis achegado, desde a aldea, desde a casa. Esta é a fórmula educativa que nos seus discursos defendía Fernando e esta é a fórmula educativa que na súa praxe docente exercía tamén Bernardo. Este coñecemento desde “o máis próximo” é o eixo fundamental para a construción galega.

Atendendo á cultura material da que temos coñecemento e impulsada por Bernardo, observamos con claridade como o estudo da xeografía, da historia, da bioloxía, e mesmo da xeometría, partían sempre do coñecemento do mundo propio. O coñecemento cartográfico da contorna, é dicir, de Teo e a súa historia, da xeografía de Galicia e tamén do estudo das árbores autóctonas. Isto amosa un intento por parte do mestre republicano de exercer de transmisor de cultura, no máis amplo senso da palabra.

Esa proximidade tamén se traduciu ao ámbito lingüístico, aínda que con matices. Sabemos que a lingua empregada por ambos os mestres era o castelán. De feito, o propio Bernardo Mato nun artigo escrito en galego recoñecía que facelo no idioma propio do país supuña un importante esforzo intelectual, e que no tempo que lle levaba escribir en galego, podería ter feito catro artigos en castelán. Porén, ambos foron capaces de analizar a importancia de lles transmitir aos rapaces a importancia do idioma vernáculo.

Tampouco se esquecía o Barcia de facer referencia no Congreso de Vigo á necesidade dunha facultade de Filoloxía, o que amosa que, malia ser castelanparlante e ensinar aos rapaces en castelán, si tiña interese en que o noso idioma, o galego, chegase ata as facultades.

Os cadernos escolares da II República recollen o uso por parte de Bernardo Mato do manual de Miquel Porcel i Riera que incluía un pequeno dicionario galego-castelán. En ocasións, algúns autores achacaron o uso deste manual por partes dos mestres a un proceso de *españolización* do alumnado. Porén, no caso que nos atinxe, e ante a sensibilidade amosada polo mestre cara ao idioma e o feito de que en 1936 a Fronte Popular lexislase favorablemente ao uso do galego nas escolas, fan pensar máis nun achegamento do mestre cara ao idioma natural dos seus alumnos.

Sabemos que o uso do galego na escola foi minoritario na escrita. O goberno da Fronte Popular apenas puido implementar a normativa de introdución “en las escuelas el uso de los idiomas regionales, además del español”⁹, pois uns meses máis tarde os facciosos levan a cabo o golpe de Estado que dará lugar ao inicio de tres anos de guerra en España. Así pois, non foi posíbel. A lingua galega e a pedagogía no sentido estrito da palabra, entendéndoas como o progreso das ciencias da educación cara á mellora da aprendizaxe do alumnado, quedaron relegadas outras catro décadas.

Conclusiones

Ao longo do presente artigo fóronse achegando unha serie de termos e conceptos que poden ser de axuda á hora de remarcar que é un mestre republicano. Falamos de conceptos como *laico, científico, coeducativo e non sexista, activo, popular e social e solidario*.

O mestre republicano é laico porque é capaz de deixar fóra das aulas as súas crenzas relixiosas persoais (no caso de Fernando un ateo confeso; no caso de Bernardo un católico declarado). É científico porque o seu traballo docente se basea exclusivamente no coñecemento demostrado e demostrábel. É coeducativo e non sexista porque trata de aprenderlle por igual a nenos e nenas. É activo porque o seu exercicio docente se inspira nun sistema en que o alumnado obtén coñecementos pola práctica diaria, o que na II República se traduciu tamén nas famosas saídas ao campo e nas aulas fóra da escola. É popular e social porque trata de que o seu coñecemento non quede pechado entre as catro paredes dunha aula, senón que se espalle polas aldeas e vilas. E está baseado na

⁹ *La Voz de Galicia*, 7 de maio de 1936.

solidariedade humana porque como o propio Bernardo dixo, ninguén pode ser abandonado no arreo da ignorancia¹⁰.

A II República, personificada en persoeiros como Fernando e Bernardo, seguiu aquela máxima lorquiana de “medio pan e un libro”. Despois, chegou un circo cargado de morte e destrución, pois a ditadura tamén “se esqueceu” do pan.¹¹

Bibliografía

Costa Rico, Antón. *Escolas e mestres. Educación en Galicia: da Restauración á II República* Santiago de Compostela: Consellería de Presidencia e Administración Pública, 1996.

Costa Rico, Antón. *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX): permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*.Vigo: Edicións Xerais, 2004.

De Gabriel, Narciso. *Os mestres mortos daquel verán*.Vigo: Editorial Galaxia, 2023.

Paz Cabo, Miguel. *¡Viva la libertad! La silenciada historia del maestro Fernando Barcia en el Santiago de la segunda República*. Santiago de Compostela: Alvarellos, 2020.

Paz Cabo, Miguel e Víctor Manuel Santidrián Arias. *Os cadernos escolares da II República*. Santiago de Compostela: Alvarellos, 2022.

Sánchez de Madariaga, Elena; Flecha García, Consuelo; Agulló Díaz María del Carmen e outros. *Las maestras de la República*. Madrid: Catarata, 2013.

¹⁰ Bernardo Mato Castro: “Temas pedagógicos: La escuela única”, *La Voz de Galicia*. 17 de setembro de 1931.

¹¹ Utilizo comiñas co verbo *esquecer* xa que considero que a fame logo da Guerra Civil non foi un esquecemento, nin un erro de cálculo, nin soamente a consecuencia da destrución bélica. A fame foi unha forma máis de represión que afectou de forma clara e premeditada á meirande parte da sociedade, esa que si tiña postas as esperanzas no sistema republicano para acadar una vida coas súas necesidades básicas cubertas. Tamén a aqueles que, como a familia Barcia Blanco, traballaron a prol da democracia.